

C

Compostela
Cultura

AUDITORIO DE GALICIA

REAL
FILHARMÓNÍA
DE GALICIA

2018 → 2019

XOVES 28
FEBREIRO 2019

20.30 h

Auditorio de Galicia

Jonathan Webb Director



Sala Mozart
19.45 h

CONvers@ndo con
Jonathan Webb Director

PROGRAMA

I **ADRIÁN SAAVEDRA (1987)**

Macaréu (5')

(obra encargo RFG)

JEAN SIBELIUS (1865-1957)

Sinfonía núm. 6 en re menor, op. 104 (28')

Allegro molto moderato

Allegretto moderato

Poco vivace

Allegro molto

II **RALPH VAUGHAN WILLIAMS (1872-1958)**

Sinfonía núm. 5 en Re maior (39')

Preludio

Scherzo

Romanza

Passacaglia

Duración aproximada do concerto: 1 hora e 30 minutos

Pregámoslle ao público que non faga fotografías e que desconecte os teléfonos móbiles, reloxos, etc.

REAL FILHARMÓNIA DE GALICIA

Director artístico titular

Paul Daniel

Principal director invitado

Jonathan Webb

Director asociado

Maximino Zumalave

A Real Filharmonía de Galicia créase no ano 1996 en Santiago de Compostela, e ten a súa sede permanente no Auditorio de Galicia, na cidade de Santiago de Compostela. Está formada por cincuenta músicos de 17 nacionalidades diferentes. Paul Daniel é, dende 2013, o seu director titular e artístico; Maximino Zumalave o seu director asociado e Jonathan Webb o principal director convidado. Coa orquestra colaboran os máis destacados directores, cantantes e instrumentistas de todo o mundo. A RFG está comprometida en achegar a música clásica a todo o territorio galego, aos públicos máis novos e destaca, ademais, o seu compromiso co patrimonio musical galego. Xestionada polo Consorcio de Santiago, a RFG é financiada pola Administración Xeral do Estado, a Xunta de Galicia e o Concello de Santiago.

VIOLÍNS I

James Dahlgren
(concertino)
Adriana Winkler
(axuda de concertino)
Anca Smeu **
Victoria Jurov
Anna Alexandrova
Yulia Petrushevskaya
Claudio Guridi
Enrique Castillo ***
Ilya Fisher
Michal Ryczel
Ildikó Oltai

VIOLÍNS II

Grigori Nedobora *
Nikolay Velikov **
Gyula Vadaszi
Kiyoko Ohashi
Samira Ajkic
Ewa Pawlowska ***
Elina Viksne
Irina Gruia
Enrique Roca
Helena Sengelow

VIOLAS

Tilmann Kircher *
Natalia Madison **
Oxana Bakulina
Timur Sadykov
Ionela Ciobotaru
Lucía Camiños ***
Anne Schlossmacher
Celia Carabias ***
Teresa Cardoso (R)

VIOLONCELLOS

Plamen Velev *
Barbara Switalska **
Ailsa Lewin
Thomas Piel
Gema Pérez ***
Carlos García
Elena Domínguez ***
Millán Abeledo

CONTRABAIXOS

Carlos Méndez *
Alfonso Morán **
Oriol Xicart

FRAUTAS

Laurent Blaiteau *
Luis Soto **
Marta Gómez ***

ÓBOES

Christina Dominik *
Avelino Ferreira **
Martín Alves ***

CLARINETES

Beatriz López *
Vicente López **
Jorge Ripoll ***

FAGOTES

Manuel Veiga *
Alejandro Valcárcel (R)

TROMPAS

Jordi Ortega *
Alfredo Varela *
Xavier Ramón **
Germán Latorre ***

TROMPETAS

Javier Simó *
Ramón Llátser **
Rodrigo Iglesias ***

TROMBÓNS

Iago Ríos (R)
Arturo Centelles (R)
Brais Molina (R)

TIMBAL

José Vicente Faus *

ARPA

Alba Barreiro (R)

JONATHAN WEBB

Director

Director Musical da Camerata Strumentale di Prato
Principal Director Invitado da Real Filharmonía de Galicia

Estudou piano, violín, canto coral e dirección de orquestra en Manchester, onde debutou no Teatro da Ópera con *West Side Story*. Chamado por Gary Bertini ao Teatro da Ópera de Tel Aviv como director estable, dirixiu numerosas novas producións como *O cazador furtivo*, *Tosca*, *Madama Butterfly*, *Macbeth*, *Sansón e Dalila*, *A xudía*, *Fausto*, *A cincenta*, *A italiana en Alxer*, *O elixir de amor*, *Lucía de Lammermoor*, *Jenufa* ou *A raposiña astuta*. É convidado en teatros en toda Europa e colabora con asiduidade cos máis importantes teatros italianos, recentemente o Maggio Musicale Fiorentino, o Teatro Comunale de Boloña ou a Sagra Musicale Umbra en Perugia. Como director invitado do Teatro São Carlos de Lisboa, ten dirixido *Unha traxedia florentina*, *O cabaleiro avaro*, *O barbeiro de Sevilla*, *A navarra*, *Cavalleria Rusticana*; en Sevilla *A violación de Lucrecia*; en Marsella *A santa da rúa Bleeker*; en Niza *Historia do soldado*; en Dublín *As vodas de Figaro* e *Falstaff*; e en Tenerife *The turn of the screw*.

Na Ópera Alemá de Berlín dirixiu *Ascenso e caída da cidade de Mahagonny*, *A forza do destino* e *Carmen*; na Ópera Popular de Viena *Don Pascual*, *O barón xitano*, *A frauta máxica*; e en Colonia *La Traviata*. Convidado por Valery Gergiev, ten dirixido *Lady Macbeth de Mtsensk* nunha coprodución entre a Ópera de Kirov e a Nova Ópera Israelí.

Dirixiu diversas óperas de Britten como *A violación de Lucrecia* no Maggio Musicale Fiorentino; *The turn of the screw* no Comunale de Boloña e no Petruzzelli de Bari; *A violación de Lucrecia*, *Peter Grimes* e *Billy Bud* no Carlo Felice de Xénova; *O soño dunha noite de verán* en Bari, Pisa, Livorno e Lucca; *Curlew River* no festival Sagra Musicale Umbra. No San Carlo de Nápoles *Elexía para xoves amantes* de Henze e *Così fan tutte* de Mozart; na

Fenice *Tancredi* e *Elexía para xoves amantes*; no Massimo de Palermo *Orfeo* de Gluck; en Verona *As vodas de Fígaro*, *Don Giovanni*, *Così fan tutte*; en Trento *O rapto no serrallo*; en Ferrara e Módena *A morte de Klinghoffer* de Adams; en Livorno e Módena *Cavalleria Rusticana* e *Pallasos*. Tamén se ten prodigado moito en Ravenna, Reggio Emilia e nos Teatros da Toscana (*Traviata*, *Falstaff*, *Acis e Galatea*). E traballou con importantes directores de escena como Daniele Abbado, Götz Friedrich, Hugo de Ana, Robert Carsen, Graham Vick, Pier Luigi Pizzi, Denis Krief, David Pountney, David Alden, Chiara Muti ou Andrea De Rosa.

Púxose á fronte da Orquestra de Santa Cecilia de Roma con The Kings Singers, a Camerata Strumentale di Prato e a Orchestra del Maggio Musicale Fiorentino en Florencia con motivo do 70 aniversario de Henze. Ten sido convidado en varias ocasións pola Orquestra Sinfónica de Galicia. En Israel levou a batuta da Orquestra Sinfónica de Xerusalén, Israel Sinfonietta e Orquestra de Cámara de Israel. Colaborou con solistas do talle de Shlomo Mintz, Vadim Repin, Fazil Say, Arabella Steinbacher, Louis Lortie ou Alexander, entre outros moitos.

Ten participado en diversos festivais como Caesarea, A Coruña, Wexford, Caracalla, Settembre Musica coa Orquestra da RAI de Torino e o Festival Litúrxica de Xerusalén. Foi convidado por Seiji Ozawa ao Saito Kinen Festival en Xapón e dirixiu a orquestra e ensembles do festival en xira por Xapón e China. Gústalle traballar con mozos e ten levado a batuta da Orchestra Giovanile Italiana de Fiesole, a Xove Orquestra Filharmónica de Israel, Orquestra e Coro Giovanile de Santa Cecilia con *Edipo en Colono* (con motivo da celebración de “Colosseo 2000”, coa execución dun concerto no Coliseo de Roma por primeira vez en 1.500 años). Recibiu o “Premio Internazionale Ultimo 900 Pisa 2000 Nel Mondo” en 2004. Dende setembro de 2014 é director musical da Camerata Strumentale “Città di Prato”, orquestra coa que colabora con regularidade dende 2002. E dende outubro de 2016 é principal director invitado da Real Filharmonía de Galicia.

Adrián Saavedra (Pontevedra, 1987).

É Licenciado en Composición pola Escola Superior de Música de Catalunya ESMUC con Arnau Bataller e graduado en Piano clásico xunto a José A. Candisano polo CPM Manuel Quiroga de Pontevedra. Estudia Análisis e Composición de Música de Cine con Joan Albert Amargós, Lluís Verges, José Nieto e Piano Jazz con Albert Bover e Abe Rábade no Seminario Permanente de Jazz de Pontevedra. Estudia produción musical con Carlos Rodgarman e Composición de Jazz / Música Moderna con Gary Willis, Pep O'Callaghan e Tim Garland. Participa no I Congreso Internacional de Música de Cine de Madrid con Hans Zimmer, Chris Young, Trevor Jones, Harry Gregson-Williams, Dario Marianelli e Roque Baños. Recibe clases maxistras de Jerry Bergonzi (Combo), Dick Oatts (Big Band) e Michel Camilo (Piano) e de Composición de Creación Actual polos mestres Mauricio Sotelo, Kaija Saariaho, Klaus Huber, Daniel Ott, Aureliano Cattaneo, Hilda Paredes e Menachem Zur.

Macaréu é un encargo da Real Filharmonía de Galicia para esta temporada 2018/2019

Jean Sibelius (1865-1957)

O primeiro boceto da *Sinfonía núm. 6* de Jean Sibelius data de 1919, cando aínda revisaba a Quinta. Foi rematada catro anos máis tarde e estreada en Helsinki en febreiro de 1923. Facendo referencia ao seu gusto excesivo pola bebida, o propio compositor dixo sobre esta sinfonía “mentres que a maioría dos compositores modernos dedícanse á elaboración de cócteles de todos os tonos e calidades, eu ofrezco ao público auga fría pura”. A pesar da economía dos materiais de Sibelius, da súa fuxida fronte ao que se achegaba á retórica emocionalmente cargada ou ao trauma expresionista, incluso, ao seu rexeitamento de calquera tópico ultramoderno, esta sinfonía resulta moi estrana para 1923. E aínda así, con toda probabilidade, Sibelius falaba de auga pura polos matices, a claridade e a transparencia desta composición. As harmonías son modais, pois usa os modos tratados como tonalidades e lembran a admiración que o finés tiña por Palestrina. Mais esa calma e esa transparencia son so aparentes, xa que potentes tormentas xorden misteriosamente. A partitura comeza cun *Allegro molto moderato*, de ampla e serena

melodía na corda. Un movemento claramente modal, en forma de sonata propia de Sibelius, no que non se pode falar de temas senón dun desenvolvemento harmónico. A última parte recobra a súa enerxía cunha gran forza melódica para terminar bruscamente, despois dun momento áxido, e dar paso ao *allegretto moderato*, que segue coa brumosa atmosfera. Escrito nun estilo pastoral envolto de certo misterio, parece describir a paisaxe do norte baixo a pálida luz do inicio da primavera. Un fragmento en ostinato leva á coda final. O *Poco vivace* constitúe o *scherzo* da obra con escasos motivos temáticos pero impregnado de gran forza rítmica; un breve *trío* pouco contrastado recobra o ritmo inicial e empuxa ao metal cara a un provocador final. Remata cun *allegro molto*, cuxo comezo deriva do tema inicial da sinfonía. O seu desenvolvemento gaña en intensidade, volvéndose a música máis luminosa. A parte final regresa á calma do principio, pasando a melodía á corda.

Ralph Vaughan Williams (1872-1958)

Vaughan Williams representou como poucos a personalidade artística británica do século XX. Sen renunciar aos principios técnicos e formais da tradición herdada, interesouse por coñecer o rumbo que tomaba a creación musical e escoitou as propostas dos impresionistas franceses, a revisión do folclore que Bartók realizou e o uso da politonalidade. Os primeiros bosquexos da *Quinta Sinfonía* datan de 1936, mais comezou a escribila en 1938 -interrompida pola guerra e os proxectos cinematográficos- para finalizala e estreala en 1943, con esta dedicatoria "sen permiso e coa máis sincera admiración a Jean Sibelius, cuxo exemplo é digno de imitación". O biógrafo do compositor, Michael Kennedy definiuna como "a sinfonía da cidade celestial" dando idea do resplandor e lirismo dunha partitura que no sereno e misterioso *Preludio* evoca á *Quinta Sinfonía* do seu dedicatario. O segundo movemento é unha pequena danza nas cordas na que os ventos introducen diversos motivos rítmicos. Percusión, óboe e corno inglés protagonizan o *trío*, acentuando unha melodía lírica para terminar coa calma inicial. Parte do contido temático da peza ven do material da ópera *The Pilgrim's Progress* (un conto moral sobre a viaxe dun peregrino) pero só na *Romanza* é evidente a conexión; o comezo ofrece un maxestoso coral, as madeiras

-particularmente o corno inglés- introducen un novo tema, a música vólvese violenta, o coral regresa e un so de violín leva a unha emotiva coda. A partitura finaliza nun *Passacaglia* cun tema dos chelos no principio, desenvolvido polo resto da orquestra. As cordas reflecten motivos do primeiro movemento, o tema repítese en forma de variación para esvaeecer nun fermoso e repousado final.

3. A CREACIÓN: durante e despois da música.

Como un substrato tecido con minas antipersoa, pero ao revés; invertindo a función dos explosivos: que no canto de destruír, erixen novas construcións. Así resucita, a cada intre, o pulso do atlas que a vosa percepción concibiu. Un electrocardiograma que esculpe a orografía do territorio musical danzado polas vosas retinas -en tenaz dilatación: sístole, diástole-. Sen coidado onde pisar, bailastes para que a sinfónica estoupase en accidentes xeográficos. Et voilà!

Os ventos metais báixanlle o océano ás cordilleiras. Acende a percusión a marea viva dos volcáns. Navegan as cordas cauces desbordados. O son toca a mudanza mesma, a organicidade dos elementos; a súa respiración. Ao chocar contra o aire, as pezas dos instrumentos rexeneran as paisaxes que queredes escoitar. Benvidas, benvidos, ao universo das percepcións. *Se ningún se mollara, tería chovido?*

-S.O.S. Tormenta tropical. Onírica.-

Da mesma maneira que Jackson Pollock treboia pintura en acción, sementamos nós compases rizomáticos, sen xerarquías nin ordes convencionais. Todas as alucinacións que vos pareceu contemplar, compuxeron o paraíso artificial aquí interpretado. Aquí-alí. No non-lugar onde acontece a poesía mesma. Nese deserto onde todo renace entre a calixe da arte que sucede.

Ningunha cronoloxía pode medir a vibración simultánea das texturas sen forma fixa. Menos aínda cando o relevante habita no subsolo; a capa mineral na que Lorca situou o verdadeiro teatro; o teatro baixo a area, onde valseamos nós.

Nós somos nómades do subtexto. Igual que os silencios simbólicos de Apollinaire. Como a iluminación que equilibra a arquitectura escénica, amosando o inefable, suxerindo a cara oculta do plenilunio. Edificamos catedrais góticas só para deixar pasar a luz, para transformala en vidreiras, volubles cal caleidoscopios. O recital das chamanas ouvea templos lisérxicos para acollernos en cada metáfora.

Se ningún se mollara, tería chovido?

Dentro de nós si. O ronsel da marusía que a música xerou, treme agora na nosa paisaxe interior. A memoria sensorial reflicte o cinemascopo sonoro corpo adentro. A mitoloxía da nosa creación licúa os lindes entre o aire pulmonar e o vendaval do *Macareu*. Preamar entre cadeiras; nordés en peitos-mascarón. Satélite luar sobre hemisferio norte. Avante en todos os sentidos. Rosa dos ventos carrusel.

Descarrílanse as buxainas do macrocosmos na micro-dimensión. Desde o outro lado do espello advertimos que non existe xa a xeografía rodada. O escenario trocou. Pero a coreografía dos seus movementos virará por sempre en nós, transformándonos, rotación a rotación. Bebemos a resaca.

Tras cada naufraxio, medra máis a preamar. *Over and out.*

Notas Macaréu ©Rosalía Fernández Rial

PRÓXIMOS CONCERTOS

Xoves 14 de marzo

20,30 h

Raiñas e Infantas

REAL FILHARMONÍA DE GALICIA

Baldur Brönnimann, director

M. Fernández-Barrero, *Nocturno sinfónico*
(Premio composición 2017 BBVA-AEOS.
Estrea absoluta)

F. J. Haydn, *Sinfonía núm. 85 en Si bemol
maior "A Raiña"* (do ciclo das Sinfonías de
París)

M. Ravel, *Pavana para unha infanta morta*
F. Schreker, *Suite de "O aniversario da
Infanta"*

19, 45 h

Conversando conBaldur Brönnimann
.....Marcos Fernández-Barrero

Xoves 21 de marzo

20,30 h

Ventos do Leste

REAL FILHARMONÍA DE GALICIA

Antoni Wit, director

S. Moniuszko, *Abertura Paria*
F. Schubert, *Sinfonía núm. 3 en Re
maior D200*

M. Karłowicz, *Sinfonía en mi
"Renacemento" op. 7*



CONSORCIO DE
SANTIAGO



GOBIERNO
DE ESPAÑA



CONCELLO DE
SANTIAGO



XUNTA
DE GALICIA



AUDITORIO DE GALICIA



Deputación
DA CORUÑA

AUDITORIO DE GALICIA

Avda. Burgo das Nacións s/n
15705 Santiago de Compostela

DESPACHO DE BILLETES

T 981 571 026 | T 981 573 979 (Auditorio)
T 981 542 349 (Teatro Principal)

OFICINAS

T 981 552 290 | T 981 574 152

www.rfgalicia.org

www.compostelacultura.gal



RealFilharmoniadeGalicia
CompostelaCultura



@rfgalicia
@CCultura